



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2018.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 28 de agosto de dous mil dezaoto ; as dez horas e quince minutos da maña xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , D Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte de agosto de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de dona Victoria Guntín Vázquez , con rexistro de entrada no concello 3794 de 23 de agosto de 2018, no que expón “ el pasado día 17/08/2017 doña Victoria acordó donar al ayuntamiento de Ribadavia la finca urbana con referencia catastral 000910200NG78C001XR sita en Ventosela , y don José Ignacio Gómez Pérez en su cargo de alcalde aceptó la donación. Quedando pendiente ira a la notaría de Ribadavia para formalizar la donación en escritura pública” .E solicita: “ Dado el tiempo transcurrido y después de hablar con Vds telefónicamente , agradecería que agilizaran los trámites para hacer efectiva esta donación según el artículo 633 del Código Civil, a ser posible antes del 20709/2018 .”

Visto o Código Civil:

-artigo 618: a donación é un acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa a favor de outra, que a acepta.

-artigo 623 : a donación perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario.

-artigo 629: a donación non obriga ao donante nin produce efecto senón dende a aceptación.

-artigo 633: para que sexa válida a donación de cousa inmovible , ten que facerse en escritura pública, expresándose en ella individualmente os bens donados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario”

Vista a Resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado de 3 de abril de 2018 que indica “ a necesidade de aceptación das atribucións singulares a título gratuito inter vivos constitúe una regra lóxica: sin el consentimiento del beneficiario de esa atribución no puede tener lugar el incremento patrimonial en que ese desplazamiento de bienes o derechos se traduce. La aceptación es esencial para que la donación o cesión gratuita pueda existir y producir efectos ... las donaciones deben ser aceptadas para que esa atribución singular sea eficaz (618 del Código Civil)”

Vista a Sentenza do Tribunal Supremo , Sala do Civil, nº 695/1999, de 31/07/1999, Recurso 57/1995, ponente D Ignacio Sierra Gil de la Cuesta na que se sinala que o contrato de doazón sobre bens inmovibles esixe unhas formalidades moi concretas e sui xeneris como son a súa plasmación en escritura pública e a necesidade de aceptación por parte do donatario, A necesidade de plasmación da doazón en escritura pública , é un requisito ad solemnitatem ou sexa , esencial para a eficacia do mesmo, tal e como esixe o Código Civil. Con ello se rompe a norma xeral do noso sistema contractual , absolutamente impregnado por un principio espiritualista , para o que a forma escrita se esixe unicamente como requisito ad probationem . Dita esixencia formal ad solemnitatem admitida , ademais, sen fisuras pola xurisprudencia de esta sala... fai que a pretensión da parte actora na presente litis e, agora, parte recorrente, deba ser totalmente declarada como decaída, posto que co antedito nunca poderá producir efectos e nin sequera estimarse como válida unha doazón sobre bens inmovibles, senon se ten plasmado a mesma e ,asemade, a aceptación do donatario en escritura pública.

Considerando que a Xurisprudencia do Tribunal Supremo considera que a doazón de bens inmovibles non feita en escritura pública é nula de pleno dereito(Sentenza do Pleno de 11 de xaneiro de 2007, e Sentenza da Sala do Civil de 30 de abril de 2012, entre outras).

Considerando que no presente caso non se formalizou nin aceptou a doazón en escritura pública outorgada ante notario.

Visto o Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais:

Artigo 12:” 1 A adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restricción algunha.

2 Non entanto, se a adquisición levare anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire”

Visto o artigo 21.3 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, de aplicación supletoria ás entidades locais, : “ A Administración Xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes de ella só poderán aceptar as herdanzas, legados e doazóns que leven aparelhados gastos ou estén sometidos a algunha condición ou modo oneroso se o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire , según tasación pericial.”

Considerando que a edificación que se pretende donar atópase en estado de ruina según constata informe técnico obrante no expediente.

Considerando que o estado de ruina da edificación conlevaría para o concello de Ribadavia caso de aceptalo uns costes económicos que excede do valor do que se pretende donar.

Considerando que o concello carece de consignación orzamentaria para facer fronte os gastos que conleva o estado da edificación.

Considerando que non hai ningún interese público para o concello e veciños de Ribadavia na aceptación do inmovible, máis alá do interese da propiedade de non facerse cargo das obrigas que conleva a propiedade do inmovible.

A xunta de goberno acorda:

- Non aceptar a doazón do ben inmovible con referencia catastral 000910200NG78C001XR.
- Notifíquese a presente resolución á interesada con réxime de recursos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria outorgando unha subvención ao concello de Ribadavia , polo importe global de 154.262,40 euros, con cargo ao orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria , para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriba co alumnado, para a realización do proxecto do obradoiro de emprego denominado “ RESINAS DO AVIA MIÑO” , dirixido as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para alumnos/as traballadores/as .

-Escrito da Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal de comunicación de responsabilidade empresarial de prestacións por desemprego, en relación ás percepcións por desemprego de traballadora readmitida no concello tras resolución xudicial recaída.

A xunta de goberno acorda efectuar o ingreso requerido na contía de 1058,35 euros , pola percepción por desemprego percibida pola traballadora R A T durante o período do 1/04/2018 ao 09/07/2018 , que deberá deducirse dos salarios deixados de percibir por dita traballadora.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DO PROXECTO DE AGREGACIÓN E SEGREGACIÓN DE PARCELAS PARA CREAR A PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE-PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA PAC DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Detectado pequeno erro de superficie na medición de dúas parcelas do anterior proxecto, aprobado por acordo da xunta de goberno de 5 de marzo de 2018.

Visto o “ Proxecto de Agregación e Segregación de Parcelas para crear a parcela do Centro de Saúde –Punto de Atención continuada PAC , Campo da Feira do Concello de

Ribadavia” de data xullo de 2018 redactado polas arquitectas dona Mercedes Alvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez.

Visto o artigo 147.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto loga da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística , así como do planeamento en vigor”

Visto o artigo 150.6 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia “ Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesiedade”

Visto o punto 3 do Proxecto , Memoria Xustificativa, páxinas 11 e 12 , 3.1 Normativa urbanística de aplicación e 3.2 Xustificación de cumprimento da normativa urbanística no que se conclúe” En base a todo o sinalado, considérase que a segregación proposta se axusta ás condicións da normativa urbanística vixente , respectando as condicións fixadas na Sección 2ª Parcelación do Capítulo II , Intervención na edificación e uso do solo da LSG, así como na Sección 6ª Parcelacións do Título VI.Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística do seu Regulamento.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

Aprobar o “ Proxecto de Agregación e Segregación de Parcelas para crear a parcela do Centro de Saúde –Punto de Atención continuada PAC , Campo da Feira do Concello de Ribadavia” de data xullo de 2018 redactado polas arquitectas dona Mercedes Alvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Escola Balonman Ribadavia , para a Organización do III Torneo de Minibalonman na Rúa.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as dez horas e trinta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO

